

ESTRUTURA DA PROBA

Pregunta 1. Sociedades no tempo. Reflexión crítica das fontes de información.

Como acabamos de indicar, este apartado avalía os contidos do bloque 1, as antigas dez preguntas dos séculos XVI-XVIII.

Os textos para revisar serán redactados pola directora do Grupo de Traballo e conterán dous erros importantes. Exponse como un exercicio de resposta breve, que pode resolverse en dous parágrafos, aínda que non se establece unha extensión determinada.

A explicación de ambos os erros debería facerse de maneira clara e razoada, sen utilizala como pretexto para explicar toda a pregunta. A súa redacción debe servir para demostrar que se coñece a información correcta, sen que sexa imprescindible que a redacción figure nunha frase aparte, senón que pode integrarse na propia explicación.

Pregunta 2. O camiño cara á contemporaneidade. Análise comparativa.

Nesta pregunta expóranse dúas comparacións referidas aos temas do bloque 2, os centrados nos aspectos políticos dos séculos XIX e XX (cunha opción para cada século).

As comparacións serán básicas — nin complexas nin rebuscadas—, semellantes ás que adoitan exporse habitualmente no momento de explicar os temas. Tratarase, por tanto, de comparacións que distingan entre varias etapas, ideoloxías políticas, situacións, etc.

A resposta está pensada para a súa resolución nunha cara de folio como máximo, aínda que non se establece unha extensión fixa.

Dado que non en todos os temas é fácil unha formulación deste tipo, os contidos deste bloque tamén son obxecto de avaliación na pregunta 3.

Preguntas 3 e 4. Comentario de documentos históricos.

As preguntas 3 e 4 avalían o comentario de documentos históricos ou historiográficos de diversa natureza (textos, imaxes, gráficos, táboas de datos ou mapas) seguindo o modelo habitual na nosa disciplina.

A pregunta 3 avaliará contidos do bloque 2, “O camiño cara a contemporaneidade”, mentres que a pregunta 4 referirase a contidos dos bloques 3, “O modelo de desenvolvemento económico español” e 4, “Retos do mundo actual”.

O tipo de documentos a comentar será diferente en cada unha das dúas preguntas e sempre haberá posibilidade de elección entre o século XIX e os séculos XX-XXI (por exemplo, se na pregunta 3 os documentos son textos, na pregunta 4 propóranse documentos non textuais). A este respecto, compre aclarar que os documentos estarán identificados e serán significativos e de uso habitual entre o profesorado por ter sido obxecto de exame en edicións pasadas, aparecer nos manuais da materia correspondentes a 2º de Bacharelato, en repositorios e páxinas web, etc.